

**INFORMACIÓN SOBRE A OBTENCIÓN  
DE NOTAS DE ÍNDICES PARA A  
MORATORIA HIPOTECARIA E A  
MORATORIA ARRENDATARIA**

**POR O COVID-19**

(Real Decreto-lei 8/2020 e  
Real Decreto-lei 11/2020)

  |     
@registrador\_es | @ColegiodeRegistradores



**Registradores**  
DE ESPAÑA

Debido á situación de emerxencia sanitaria global provocada pola pandemia de COVID- 19, mediante o Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 e o Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, aprobáronse unha serie de medidas de apoio ás familias e colectivos vulnerables.

Entre as medidas adoptadas está a posibilidade de solicitar ao banco o aprazamento do pago do préstamo hipotecario se con el se financiou a adquisición da vivenda habitual, así como unha moratoria no pagamento da renda arrendataria. Para ter dereito a iso os RD-lei esixen ademais doutros requisitos, estar en situación de vulnerabilidade económica.

Para acreditar esta situación debe achegarse, entre outra documentación, unha nota do servizo de índices do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar (art. 11.1d) RD-lei 8/2020 do 17 de marzo e art. 6.1.d) RD-lei 11/2020, do 31 de marzo)

Esta nota informa das propiedades ou outros dereitos inscritos a nome dunha persoa en calquera Rexistro de España.

Os Rexistradores da Propiedade españois queren facilitar ás familias o cumprimento deste requisito. Para iso, creouse un sistema rápido, sinxelo e gratuíto que estará vixente mentres dure o estado de alarma e que evitará que as persoas teñan que desprazarse ás oficinas.

## Que é unha nota simple do servizo de índices?

A tamén chamada nota de localización, é aquela que proporciona a información de en que rexistro, provincia e municipio unha persoa ten bens ou dereitos inscritos.

## Onde podes solicitala?

Na páxina de inicio da web:  
<http://www.registradores.org>  
encontrarás toda a información ao respecto.

## Como podes solicitala?

A solicitude desta nota pode realizarse enviando un correo electrónico, ben ao Rexistro da Propiedade onde estea inscrita a vivenda habitual do interesado ou ben, a calquera outro da mesma poboación.

Deberá acompañarse á petición, necesariamente, fotocopia do DNI/ NIE da persoa sobre a que se deba expedir a información, e en caso de ser varios os membros da unidade familiar, de cada un deles. Recoméndase que se identifique a finca sobre a que recae o préstamo hipotecario do cal se vai solicitar a moratoria hipotecaria.

Na páxina web do Colexio de Rexistradores [www.registradores.org](http://www.registradores.org) poden obter información completa sobre o trámite a seguir e unha relación das direccións de correo electrónico de todos os Rexistros da Propiedade de España.

## E se teño máis dúbidas?

Ademais, é posible formular calquera tipo de consulta ao Servizo Rexistral de Protección aos Consumidores a través do teléfono 900 10 11 41 ou ben mediante correo electrónico

 [consultas@registradores.org](mailto:consultas@registradores.org)

 [consultas@corpme.es](mailto:consultas@corpme.es)